

## **INFORMACIÓN COLABORADORES/AS COMEDOR CURSO 2023-2024**

Como sabedes o comedor do centro funciona con 11 mamás/papás/acolledores familiares do alumno/a, excolaboradores, persoal de ONG.

**Sen as 11 persoas colaboradoras, o comedor non poderá entrar en funcionamento ao inicio de curso.** Aquelas nais/pais, excolaboradores, con dispoñibilidade horaria, **podedes apuntarvos na secretaría do centro.** É unha labor importante para o bo funcionamento do centro.

As condicións do traballo son as seguintes:

- Poderán xantar no comedor do centro a partir das 13,30 horas
- En horario de 14:15 a 15:30 atenderán o comedor e desempeñarán as funcións propias do servizo.
- En horario de 15:30 a 16:30 faranse quendas de colaboradores/as que vixiarán ao alumnado e coidarán deles ata que sexan entregados ao persoal de buses, pais ou os mestres de garda da tarde na biblioteca/ludoteca.
- A relación laboral será de colaborador/a – voluntario/a.
- Cobrarase 12,50 euros día que a Consellería aboará trimestralmente.

No curso 2023-24 hai modificación en canto aos colaboradores do comedor xa que, **con carácter excepcional, ampliase a posibilidade de colaborar voluntariamente** nas tarefas de atención e vixilancia nos comedores escolares, por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, nin colaboradores directos dispoñibles previstos ordinariamente en número suficiente, **a outros familiares dos alumnos comensais, a ex-colaboradores deste servizo, a persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como a persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs).**

Aquelas persoas que contedes con dispoñibilidade horaria, **podedes apuntarvos na secretaría do centro e descargar aquí a solicitude**